

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 23 de setembro de 2011

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D^a. Carmela Silva Rego
D^a. Raquel Díaz Alvarez
D. Carlos López Font
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. Angel Rivas González
D^a M^a Jesus Lago Rey

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9 horas do día vinte e tres de setembro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, á titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1086).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 16.09.2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1087).- AUTORIZAR A AMPLIACIÓN DO IMPORTE INICIALMENTE CONSIGNADO PARA A “CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS POLA SÚA ACTIVIDADE NA TEMPADA DEPORTIVA 2010/2011”. EXPTE. 10335/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 12.09.2011, conformado pola concelleira de Economía e Facenda, e co fiscalizado de conformidade pola xefa do servizo de Fiscalización, do 16.09.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Autorizar a ampliación do importe inicialmente consignado para a “CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á ACTIVIDADE DA TEMPADA 2010/2011”, na cantidade de 20.000,00 €, co fin de atender ás necesidades das entidades deportivas da cidade, en canto á súa actividade deportiva durante a tempada 2010/2011, quedando o importe total da convocatoria fixado na cantidade de 600.000,00€.

2.- O devandito incremento financiarase con cargo á partida 3410.489.00.00 “Subvencións a entidades e clubs sen fin de lucro”, do orzamento de gastos en vigor.

3(1088).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO CON EXECUCIÓN DE OBRA DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NA PARCELA CENTRAL DA PRAZA DO POLÍGONO I PERI II-12-A FLORIDA B E NA PARCELA DO PERI 4 BARREIRO II. EXPTE. 10312/333.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 27.06.2011, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar definitivamente a modificación do contrato de xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas na parcela da praza central do polígono 1 do peri II-12-A Florida B e na parcela do peri 4 Barreiro II, adxudicado a concesionaria AQA Vigo Xestión Deportiva, S.A. en relación a ampliación da xestión do uso deportivo das pistas de padel existentes no proxecto construtivo da piscina de Barreiro as instalacións anexas de 8 pistas de padel que o Concello de Vigo esta a construír na parcela anexa o edificio da Piscina de Barreiro conforme o establecido no referido contrato, en base os seguintes criterios:

- a) O período de xestión das 8 pistas de padel estará vinculado dende a finalización das obras, e o propio límite da concesión.
- b) Os criterios de xestión serán os mesmos aprobados nas normas de funcionamento para a instalación de Barreiro e coas tarifas de explotación definidas no presente expediente para os usos vinculados coas pistas de padel.

	Pistas descubertas		Pistas cubertas	
	07:00/17:0 0 lun/ve	17:00/23:0 0 sa/do e Fes	07:00/17:0 0 lun/ve	17:00/23:00 sa/do e Fes
1 hora	9,00 €	11,00 €	10,00 €	12,00 €
1/2 hora	5,00 €		6,00 €	
suplemento luz (ind. Tempo)	2,00 €			
Bono 10 (1 h) S/Luz	96,00 €			
Bono 20 (1 h) S/Luz	187,00 €			

Bono 30 (1 h) S/Luz	273,00 €	
Clases de Padel	Abonad@s	Non Abonad@s
Curso mensual 1 d/s (mx 5 alum)	40,00 €	60,00 €
Curso mensual 2 d/s (mx 5 alum)	75,00 €	110,00 €
Bono 5 clases individuais	170,00 €	
Bono 5 clases colectivas (2/4 pers)	420,00 €	
Aluguer Raqueta (partido)	1,50 €	

- c) As 8 pistas de padel, serán xestionadas pola empresa baixo a súa responsabilidade, consonte co estipulado na memoria de explotación que fundamente este acordo da modificación do contrato e de acordo coas particularidades que regulan o actual contrato segundo o estipulado no prego de condición que rexeu esta adxudicación. Asemade, deberá cumprir todos os requisitos legais necesarios, os cales non terán ningunha repercusión a favor da empresa en relación os prazos da concesión ni a proposta económica que fundamenta a mesma.

4(1089).- ACEPTACIÓN DA RENUNCIA DA SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER DO ANO 2011 PARA O PROXECTO “IGUALDADE DE OPORTUNIDADES”, PRESENTADA POLA “SOCIEDAD DESARROLLO IDEAS TÉCNICAS MINUSVÁLIDOS FÍSICOS”. EXPTE. 5123/224.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta da xefa do servizo de Igualdade, do 16.09.2011, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aceptar a renuncia da subvención concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción da muller do ano 2011 para o proxecto “*Igualdade de oportunidades*” presentada pola “Sociedad Desarrollo Ideas Técnicas Minusv. Físicos” e liberar o importe retido na operación contable “D” 201100052644 de data 02/08/2011”

5(1090).- PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DO CALVARIO, PROPOSTO POLA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DO MERCADO DO CALVARIO E MERCACEVI. EXPTE. 5310/551.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta do vocal do Tribunal Económico Administrativo, do 12.09.2011, conformado polo concelleiro da área de Industria, Comercio, Turismo e PYMES, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Declarar o interese municipal no Proxecto de reforma do Mercado de CALVARIO e prestar conformidade ó proxecto de obras proposto pola Asociación de Comerciantes do Mercado de CALVARIO e MERCACEVI, autorizando a execución das obras de acordo coas seguintes condicións:

- O proxecto deberá ser executado integramente e segundo as especificacións dos supervisores municipais
- O Concello de Vigo non aporta cantidade algunha á execución do mesmo nin asume responsabilidade algunha, incluído os créditos laborais e refaccionarios da obra ou o lucro cesante dos comerciantes afectados, que se deriven da execución das mesmas. O contratista das obras deberá facer aceptación expresa de esta cláusula no seu contrato.
- Deberase dar publicidade da autorización das obras mediante a colocación de cartel publicitario das mesmas. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo como autorizante das obras.
- As obras, á súa finalización, quedarán en poder e propiedade do Concello de Vigo, quen será o beneficiario das garantías legais da edificación

SEGUNDO.- Declarar a non suxeición a tributo municipal algún do presente, dada a iniciativa pública a instancia de particulares da súa incoación

TERCEIRO.- Nomear ós Arquitectos Municipais, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso coma supervisores municipais das obras e encargados da súa recepción, unha vez rematadas estas.

CARTO.- Condicionar a presente autorización á presentación polo concesionario do servizo público da seguinte documentación:

- Declaración expresa de aceptar integramente o contido da presente resolución
- Contrato de execución da obra no que conste expresamente a aceptación polo contratista da cláusula á que se refire o parágrafo segundo do apartado Primeiro

6(1091).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á ASOCIACIÓN CULTURAL SAN SALVADOR DE TEIS, DEPOSITADO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE SAN SALVADOR DE TEIS. EXPTE. 81086/210.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta do xefe da área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 14.09.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do citado aval achegado en data 13/07/2011, pola ASOCIACIÓN CULTURAL SAN SALVADOR DE TEIS CIF G 36769214, por un importe de 4000 € para responder dos posibles danos con motivo da celebración das festas de San Salvador de Teis os días 5,6,7,8 e 9 de agosto de 2011 na finca da Riouxa de Teis por non producirse danos na vía pública.

7(1092).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN XOAN DE POULO, DEPOSITADO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DUNHA SARDIÑADA O 25.06.2011. EXPTE. 81087/210.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta do xefe da área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 14.09.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución da citada fianza achegada en data 20/05/2011, pola ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN XOAN DE POULO CIF G 36641355, por un importe de 2000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración DUNHA SARDIÑADA o día 25 DE XUÑO DE 2011 a carón do local da asociación, por non producirse danos na vía pública.

8(1093).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á ASOCIACIÓN COMISIÓN DE FESTAS NOSA SRA. DAS NEVES DA GUÍA, DEPOSITADO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DAS FESTAS NA CARBALLEIRA DA GUÍA. EXPTE. 81088/210.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta do xefe da área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 14.09.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución da fianza en metálico achegada en data 11/07/2011, pola ASOCIACIÓN COMISIÓN DE FESTAS NOSA SRA DAS NEVES DA GUIA CIF G 36731404, por un importe de 2000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración DA FESTA NA HONRA DA NOSA SRA DAS NEVES E DA SARDIÑA os días 30 DE XULLO E 3,4,5 AGOSTO de 2011 na carballeira da Guía por non producirse danos na vía pública.

9(1094).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE “GROUPAMA PLUS ULTRA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.” POLA COBERTURA DO SEGURO DA FLOTA DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS CORRESPONDENTE AO SEGUNDO E TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2011. EXPTE. 8673/445.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta do xefe do Parque Móbil, do 6.09.2011, conformado polo concelleiro delegado de Fomento, o informe do asesor xurídico da área, do 7.09.2011 e o informe do Interventor Xeral do 14.09.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva do gasto derivado da cobertura do seguro da flota de vehículos municipal correspondente ao segundo e terceiro trimestre do ano 2011, que figura na factura emitida pola aseguradora “Groupama Plus Ultura Seguros y Reaseguros, S.A.”, por importe de 167.771 euros, en concepto de prima. O referido importe debe facerse efectivo a nome de Aón Gil y Carvajal, tal como figura na propia nota de cargo.

Recoñecer a correspondente obriga xa que existe crédito na partida orzamentaria destinada a este fin, a 9222.224.00.00.

10(1095).- RESOLUCIÓN DE RECURSOS CONTRA A APROBACIÓN DO PREGO DE CONDICIÓN E DENEGACIÓN DE SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS PARA O SERVIZO DE INTERVENCIÓN FAMILIAR. EXPTE. 59058/301.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto os informes proposta da técnica de Admón. Xeral, do 14 e 16.09.2011, conformado pola concelleira delegada de Contratación, o informe do letrado asesor, do 4.08.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º.- Denegar a solicitude de prórroga do prazo de presentación de ofertas no procedemento aberto do servizo do programa de infancia e familia formulada por Dna. Sofía Currás Guerrero, en nome e representación de EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A., mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 2 de maio de 2011.

2º.- Notificar a presente resolución a todos os licitadores admitidos no procedemento.

3º.- O presente acordo non será susceptible de recursos ó versar sobre a denegación de ampliación de prazo, conforme ó disposto no artigo 49.3 LRJAP” .

“1º.- Admitir o recurso especial en materia de contratación interposto por D. Juan Carlos Dovigo Prieto, en nome e representación do equipo de traballadores do programa de intervención familiar do Concello de Vigo, na súa calidade de delegado sindical por UGT dos mesmos, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 3 de maio de 2011

2º.- Desestimar a alegacións formuladas polas razóns expostas no corpo deste escrito.

3º.- Notificar a presente resolución a todos os licitadores admitidos no procedemento.

4º.- Contra a resolución deste recurso procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (artigo 319 LCSP)” .

11(1096).- ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA PARA CHATARRA. EXPTE. 3772/241.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 12.09.2011, conformado pola concelleira delegada de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

“Allear a chatarra depositada no Parque Central de Servizos, consistente en:

- Torfersa, PO-50184-VE, de 3.440 kgs.
- Furgón, PO-7448-BJ, de 1.865 kgs.
- Turismo, PO-7663-AS, de 1.035 kgs.

- Turismo, PO-6943-AV, de 1.035 kgs.
- Turismo, PO-4213-BD, de 1.046 kgs.
- Turismo, PO-4214-BD, de 1.046 kgs.
- Turismo, PO-1577-AV, de 1.035 kgs.
- Turismo, PO-7662-AS, de 1.035 kgs.
- Turismo, PO-0953-AX, de 1.035 kgs.
- Turismo, PO-1579-AV, de 1.035 kgs.

Solicitar oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir-las seguintes condicións:

- 1.As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- 2.Non se fixa tipo de licitación.
- 3.Os ofertantes aportarán prezos para a retirada, tendo en conta que serán ó seu cargo os custos de seccionamento, carga, temas administrativos, etc.
- 4.A retirada das chatarras realizarase entre as 9.00 e as 14.00 horas, agás que o Parque Central autorice puntualmente un horario distinto por razóns xustificadas.
- 5.O adxudicatario será o licitador que oferte un prezo máis alto.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello que conterà o seguinte modelo de proposición:

“D., con D.N.I. nº, en nome propio (ou en representación de), informado do procedemento para o alleamento de chatarra do Parque Central de Servizos, solicita a súa admisión ó mesmo e fai constar:

- 1.- Que acepta integramente as condicións para o alleamento.
 - 2.- Propón como prezo a cantidade total de euros
- Lugar, data e sinatura do licitador.”

12(1097).- CORRECCIÓN DE ERRO SOBRE O ACORDO DE REVISIÓN DE CANTIDADE DA CONCESIÓN DA XER. EXPTE. 19141/240.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 12.09.2011, conformado pola concelleira delegada de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión da cantidade de equilibrio da concesión da Xestión do servizo público de Estacionamento Regulado mediante expendedores de tiques na vía pública (XER), adxudicado a empresa Dornier S.A., na Xunta de Goberno local de 23 de maio de 2007, fixando dita cantidade a partir do 1 de xullo de 2010 ata o 30 de xuño de 2011 na cantidade de 2.216.165,81 euros IVE engadido.

13(1098).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., POLOS SERVICIOS TÉCNICOS PARA O CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL DURANTE O MES DE XULLO DE 2011. EXPTE. 6344/307.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta da xefa de Patrimonio Histórico, por delegación a técnica de xestión, do 5.09.2011, conformado pola concelleira delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, e co informe do Interventor Xeral, do 13.09.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obriga por importe de 10.619,97 euros (IVE incluído) a favor da empresa VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL, co CIF B36917201, pola prestación de servizos técnicos para o Centro de Artesanía Tradicional durante o mes de xullo de 2011, segundo a súa factura nº 39 de data 28/07/2011, presentada no Rexistro Xeral o 29/07/2011 (nº doc. 110104825).

2º.- Imputalo á partida 3360.2279901 Coordinación e monitoraxe C. Artesanía e C. Cesteiro dos orzamentos municipais do ano 2011 (ou bolsa vinculación).

3º.- A imputación do gasto aos orzamentos vixentes **non provoca prexuízo nin limitación algunha** para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

14(1099).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE REDUCIÓN DE XORNADA DA AUXILIAR ADMINISTRATIVA Dª Mª DE LOS ANGELES LANDÍN LORENZO. EXPTE. 22356/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado de xestión municipal, de data 14.09.2011, que di o que segue:

“A medio de instancia de data de entrada no Rexistro Xeral 12 de setembro de 2011 (doc. núm. 110118532), Dª María de los Angeles Landín Lorenzo, con DNI nº 36.091.654-P e nº persoal 81470, auxiliar administrativa adscrita á Área de Benestar Social, solicita se lle conceda unha redución de xornada coa correspondente diminución proporcional do seu salario, consistente na metade do seu horario laboral (de 08,00 a 11,30 horas), para o coidado dun fillo.

En relación con dita solicitude infórmase o seguinte:

Primeiro.- O art. 76.1.g) do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o seu coidado directo algún menor de doce anos, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións.

Segundo.- Dita petición ven conformada pola Xefa do Servizo de Benestar Social.

Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Regimen Local, segundo redacción dada por Lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local, e de conformidade co acordo da Xunta de

Goberno Local de 17 de xuño de 2011, de delegación de competencias, sométese a consideración do Sr. Concelleiro-Delegado de Xestión Municipal a seguinte,

RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Autorizar a redución de xornada de D^a María de los Angeles Landín Lorenzo, con DNI nº 36.091.654-P e nº persoal 81470, auxiliar administrativa adscrita á Área de Benestar Social, consistente na matade do seu horario laboral (de 08,00 a 11,30 horas), con efectos a partir do 19 de setembro de 2011, coa correspondente redución de retribucións, de conformidade co previsto no art. 76.1.g) do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

Segundo.- Notifíquese á interesada, xefa do Servizo e xefe da Área de Benestar Social, Servizo de Recursos Humanos (Inspector auxiliar de persoal, Técnico de organización e planificación de Recursos Humanos e Seguridade Social) e Intervención Xeral, así como dar conta á Xunta de Goberno Local.

Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

15(1100).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN SOBRE REDUCIÓN DE XORNADA Á FUNCIONARIA D^a ANGELICA RODRÍGUEZ BERTOMEU. EXPTE. 22355/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado de xestión municipal, de data 13.09.2011, que di o que segue:

“A medio de escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello 28 de xuño de 2011 (doc. nº 1100934929), D^a Angelica Rodríguez Bertomeu, con nº persoal 22036, Xefa de Negociado, adscrita ao servizo de Patrimonio, solicita se lle conceda unha redución de xornada media hora ó inicio da xornada durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2011 e xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio e xuño de 2012.

En relación con dita solicitude infórmase o seguinte:

O art. 76.1.g) do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o seu coidado directo algún menor de doce anos, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións.

Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Regimen Local, segundo redacción dada por Lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local, e de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011, de delegación de competencias, sométese a consideración do Sr. Concelleiro-Delegado de Xestión Municipal a seguinte,

RESOLUCION:

“Primeiro.- Autoriza-la redución de xornada de D^a Angelica Rodríguez Bertomeu, n^o persoal 22036, Xefa de Negociado adscrita ao Servizo de Patrimonio, en media hora ao inicio da xornada, durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2011 e xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio e xuño de 2012, coa correspondente redución de retribucións, de conformidade co previsto no art. 76.1.g) do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución á interesada, xefe do Servizo de Patrimonio, Servizo de Recursos Humanos (Inspector auxiliar de persoal, Técnico de organización e planificación de Recursos Humanos e Seguridade Social) e Intervención Xeral.

Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

16(1101).- RECLAMACIÓN PREVIA Á VÍA XURISDICCIONAL LABORAL PRESENTADA POR D^a M^a DEL CARMEN ALONSO COSTAS E OUTROS. EXPTE. 22328/220.

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe xurídico e proposta de acordo da xefa do servizo de Recursos Humanos do 12.09.11, e que a continuación se transcribe:

“ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 19/05/2011 (n^o de rexistro de entrada 110072543) D^a M^a Carmen Alonso Costas, con DNI 36031753, e 12 persoas máis, identificadas no escrito referido, presentan reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en concepto de recoñecemento de dereito e cantidades e presunta cesión ilegal de traballadores.

2.- Solicitado informe á Xefatura do Servizo de Benestar Social, este foi emitido en data 01/06/2011, obrando incorporado ao presente expediente administrativo, xuntando igualmente informe emitido pola funcionaria municipal encargada da coordinación do servizo de Infancia e Familia, de mesma data.

3.- Asemade, foi notificada a Fundación ALDABA, que resulta ser o empregador dos reclamantes, quen en escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello en data 13/06/2011 (n^o de documento 110087136) informa, xustifica e detalla as circunstancias da relación laboral dos seus empregados reclamantes, no marco do contrato administrativo que vincula á citada Fundación co Concello de Vigo, en aplicación das previsións da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de

Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos inclusive- a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.

Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

II.- En canto ao obxecto da reclamación de dereito e cantidade que conforma o fondo do asunto, debe terse en conta que o marco normativo de aplicación ao emprego público vén conformado esencialmente pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que regula detalladamente os sistemas de acceso ao emprego público, que deberán en todo caso respectar os principios de igualdade, mérito e capacidade de acordo co previsto na propia norma e no resto do ordenamento xurídico (artigo 55).

A propia Constitución de 1978 contempla que o acceso á función pública deberá efectuarse de acordo cos principios de mérito e capacidade (artigo 103.3) garantindo o dereito fundamental á igualdade de trato no artigo 14.

En consecuencia, os únicos sistemas de acceso ao emprego público e conseguinte integración na plantilla orgánica municipal pasan inexcusable e legalmente pola superación dun proceso selectivo de concorrencia competitiva que observe tales principios, o cal non ten sucedido no presente suposto.

III.- Segundo se desprende da lectura da documentación obrante no expediente administrativo, resulta claro que a actividade de atención á infancia e familia prestada polo Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo efectúase en cumprimento e aplicación do mandato legal contido non só na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, senón tamén na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, cuxo artigo 25.2, apartado k) contempla a prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social como competencia mínima obrigatoria dos municipios.

No informe emitido pola Xefatura do Servizo de Benestar Social en data 01/06/2011, conformado pola Xefatura da Área, recóllese expresamente que a xestión da citada actividade realízase mediante xestión indirecta, a efectos do cal foi celebrado un contrato administrativo nos termos da normativa vixente en materia de contratos do sector público -con suxeición ao Dereito Administrativo-, resultando adxudicataria do mesmo, previo o cumprimento dos requisitos legais ao efecto, a Fundación ALDABA.

Na cláusula administrativa 8.2.2 do citado contrato –cuxa documentación obra incorporada ao expediente administrativo- contéplase expresamente que:

“O persoal asignado ao contrato dependerá exclusivamente da empresa adxudicataria, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empregador respecto do mesmo, sendo a Administración contratante de todo allea a ditas relacións laborais. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún por dito persoal en relación coa Administración contratante, nin esixirse a esta responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que os despidos ou medidas que o empresario adopte básense no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.”

Igualmente, o citado informe sinala que “o dispositivo de infancia e familia está situado nun inmovible municipal que xa tiña mobiliario específico, aportado polo Concello, a fin de aproveitar recursos, reducir o custe do contrato e en definitiva ser eficientes cons recursos públicos dos que dispoñemos. A cláusula 9 das prescricións técnicas di que “será por conta da empresa adxudicataria a provisión do equipamento informático necesario e o seu mantemento, así como dos programas informáticos como soporte para o desenvolvemento da actividade” (parágrafos 9 e 10).

Estes extremos son confirmados pola empresa adjudicataria no escrito presentado en data 13/06/2011 referido nos antecedentes, sinalando asemade que “*el personal de Fundación ALDABA asignado a la gestión de este programa depende jerárquicamente de los mandos de la Fundación, de la coordinadora delegada del Programa, la Delegada de la Fundación en Galicia, la Dirección general hasta el Patronato de dicha Fundación. Técnicamente reciben las instrucciones de trabajo y son coordinados por la propia coordinadora del programa, también trabajadora de la Fundación, con funciones de organización y coordinación a nivel interno y externo, tal como establece el pliego de prescripciones técnicas que rige el contrato, y el manual de gestión del programa elaborado por la Fundación*” (parágrafo 6, folio 2 do escrito).

IV.- A contratación de servizos suxeita ao Dereito Administrativo dos contratos atópase prevista na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, que establece no seu Capítulo V (Contratos de Servizos, artigos 277 a 290) o obxecto, finalidade, alcance, réxime e efectos da citada tipoloxía contractual. En concreto, o artigo 277 sinala que “*non poderán ser obxecto de estes contratos os servizos que impliquen exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos*” (apartado 1) para salientar de seguido que “*á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que teñan realizado os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante*” (apartado 4).

V.- A doutrina xurisprudencial dos actos propios, amplamente consolidada polo Tribunal Supremo (a título exemplificativo, *vid. STS 27 de marzo de 2007 (RJ 2007, 1982), na que se explicita que, conforme ao que a Sala ten reiteradamente declarado, entre outras en SSTs de 31 de xaneiro de 1995 (RJ 1995, 291) e 30 de setembro de 1996 (RJ 1996, 6824) e 24 de abril de 2004*) concrétese no feito de que ninguén pode ir contra os seus propios actos, de xeito tal que toda pretensión formulada dentro dunha situación litixiosa por unha persoa que anteriormente realizase unha conduta incompatible con dita pretensión, debe ser desestimada.

Doutrina que ten as súas orixes no principio *nemo potest contra proprium actum venire*.

Toda vez que os reclamantes tiñan pleno coñecemento e capacidade –e obriga legal de telo, nos termos do principio xeral de que “*a ignorancia das leis non excusa do seu cumprimento*” recollida no artigo 6 do Código Civil- no momento de formalización dos seus respectivos contratos laborais coa empregadora Fundación ALDABA, do carácter, contido, obxecto e alcance dos mesmos, non parece de recibo que se exercite agora a pretensión de recoñecemento dun vínculo laboral contractual inexistente. Admitir a mesma conlevaría unha evidente fraude de lei, non permitida polo ordenamento xurídico nos termos do contemplado no artigo 6, apartado 4, do vixente Código Civil.

En consecuencia, a reclamación previa formulada debe ser **desestimada**.

VI.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o réxime de atribucións contemplado no artigo 127.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, coa conformidade co Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“Primeiro.- Desestimar a reclamación en concepto de dereito e cantidades e cesión ilegal de traballadores previa á vía xurisdiccional laboral formulada por D^a M^a Carmen Alonso Costas e outros en escrito de data 19/05/2011 (documento administrativo nº 110072543), nos termos dos informes emitidos polo Servizo de Benestar Social en datas 01/06/2011, alegación presentada en trámite de audiencia pola Fundación ALDABA en data 13/06/2011, documentación obrante no expediente administrativo e en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo á reclamante aos efectos oportunos, así como á Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Benestar Social, Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso) significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer unicamente recurso de

reposición no prazo de 1 mes contado ao da notificación ou publicación do presente acordo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta que antecede.

17(1102).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN SOBRE PERMISO SEN SOLDADO DA FUNCIONARIA Dª JOSEFA CALVET MICAS. EXPTE. 22276/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado de xestión municipal, de data 6.09.2011, que di o que segue:

“A medio de escrito de data 09 de agosto de 2011 (doc. núm. 110108155), Dª Josefa Calvet Micas, NIF 40.857.370-D, e núm. persoal 77826, administrativa de administración xeral adscrita á Área de Investimentos, solicita permiso non retribuído, por asuntos persoais, de 1 ano a partir do 01 de outubro de 2011 (que rematará o día 30 de setembro de 2012).

En relación con dita solicitude emítese o seguinte informe:

O vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo” contempla no seu artigo 17 c) a posibilidade de solicitar permiso non retribuído por asuntos persoais ata un máximo de 6 meses cada 5 anos ou de 12 meses cada 10 anos, estando o funcionario solicitante en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social durante o seu disfrute e computando o tempo de duración do mesmo a efectos de antigüidade. Non computará o tempo a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

Por parte deste Servizo de Recursos Humanos non se observan impedimentos ao outorgamento do referido permiso, sempre que as necesidades do servizo quedan dabidamente cubertas; extremo que consta no informe favorable do xefe da Área de Investimentos, de data 22 de agosto de 2011.

Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Regimen Local, segundo redacción dada por Lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local, e de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011, de delegación de competencias, sométese a consideración do Sr. Concelleiro-Delegado de Xestión Municipal a seguinte,

RESOLUCION:

“**Primeiro.-** Autorizar a Dª JOSEFA CALVET MICAS, NIF 40.857.370-D, e núm. persoal 77826, administrativa de administración xeral adscrita á Área de Investimentos, permiso non retribuído, por asuntos persoais, de 1 ano a partir do 01 de outubro de 2011 (que rematará o día 30 de setembro de 2012), de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

Durante o permiso sen soldo, a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo á interesada, xefe da Area de Investimentos, Servizo de Recursos Humanos (inspector auxiliar de persoal, técnico de organización e planificación de Recursos Humanos e negociado de Seguridade Social) e Intervención Xeral.

Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

18(1103).- CONVALIDACIÓN DE GASTO A ALMI LIMPEZA, PARA A REALIZACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA NO RECINTO FEIRAL DE COTOGRANDE (IFEVI), CON MOTIVO DA OEP 2008. EXPTE. 22301/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do Interventor Xeral, do 9.07.2011, e o informe proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 31.08.2011, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Convalidar as actuacións e recoñecer as obrigas a favor da empresa Almi Limpieza, correspondentes as facturas Fras 03/FC00000774, 03/FC00000772 e 03/FC/00000775 pola realización dos servizos de limpeza realizados nas instalacións do Recinto Feiral de Cotogrande, con motivo da celebración das probas contidas nas Bases de selección dos procesos selectivos de Conserxe, Alguacil, Técnico de Prevención e Traballador Social, que supón un total de 996.44€

